



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Agosto 2020

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Agosto 2020


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia unha caída do 16,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 8,8 puntos inferior á do mes de xullo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 15,3%, taxa 1,6 puntos inferior á do mes anterior.
- No Comercio diminúe a facturación o 19,6% e nos Outros servizos o 4,5%.
- En todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios no mes de agosto.
- O persoal ocupado no sector servizos rexistra un descenso do 4,2% en Galicia e do 5,5% en España respecto do mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas diminúe o persoal ocupado no mes de agosto.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia un descenso do 16,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 8,8 puntos á do mes de xullo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 15,3%, rexistro 1,6 puntos inferior ao do mes anterior.



O *Comercio*, cun descenso do 19,6%, resta 14,9 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 4,5% e restan 1,1 puntos á taxa de variación do índice xeral. En España a facturación no *Comercio* diminúe o 10,1% e nos *Outros servizos* o 24,3%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* diminúe o 27,1%, co que resta 14,8 puntos; en senso contrario, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta a súa facturación un 3,0%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 13,4% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 3,5%.

Os *Outros servizos* reducen a cifra de negocios en Galicia o 4,5%. As maiores caídas rexístranse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, -36,3%, co que restan 1,2 puntos á taxa de variación do índice xeral, e na *Hostalería*, -32,3%, co que resta 1,9 puntos. En senso contrario, o *Transporte* rexistra o maior incremento, 22,0%, e achega 2,0 puntos á taxa de variación do índice xeral. *Información e comunicacións* e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* tamén incrementan a súa facturación en agosto, 0,5% e 3,1% respectivamente.

En España, os *Outros servizos* diminúen o 24,3%. Todos os sectores rexistran taxas negativas, producíndose as maiores caídas en *Hostalería* (-41,3%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-38,8%).

Nos oito primeiros meses do ano, o índice xeral diminúe un 15,5% en Galicia e un 17,4% no conxunto do Estado. O *Comercio* diminúe un 17,0% en Galicia e un 14,1% en España. Nos *Outros servizos* redúcese a facturación en Galicia un 10,5% e en España un 23,5%.

Hostalería e Actividades administrativas e servizos auxiliares son os sectores con maiores caídas no que vai de ano tanto en Galicia como no conxunto de España.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice diminúe o 13,7% no mes de agosto.

O sector que máis contribúe a este descenso é a *Hostalería* que, cunha taxa do -32,1%, resta 9,5 puntos.

Dous sectores rexistran taxas positivas: *Transporte* (14,1%) e *Información e comunicacións* (2,4%).


No acumulado do ano, o índice diminúe un 17,7%. A maior caída dáse na *Hostalería* (-46,7%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 16,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 13,7%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de agosto en todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Cinco comunidades rexistran taxas inferiores á media nacional: Illes Balears (-44,8%), Canarias (-30,2%), Madrid (-17,7%), Galicia (-16,0%) e Cataluña (-15,9%).

No que vai de ano, as maiores caídas prodúcense en Illes Balears (-39,2%), Canarias (-29,0%), Madrid (-20,0%) e Cataluña (-17,9%). Os menores descensos rexístranse en Murcia (-3,4%) e Extremadura (-6,4%).

Índices de cifra de negocios. Agosto 2020

Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado


2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado¹ diminúe en Galicia un 4,2% respecto ao mes de agosto de 2019, 1,3 puntos menos que en España (-5,5%).

A ocupación diminúe un 1,4% no *Comercio* e un 6,3% nos *Outros servizos*. En España o persoal ocupado diminúe no *Comercio* un 2,7% e nos *Outros servizos* un 7,2%. A maior caída rexístrase na *Hostalería*, cunha taxa de -14,0% en Galicia e do 15,8% en España.

No que vai de ano, o persoal ocupado redúcese un 3,5% en Galicia e un 3,9% no conxunto do Estado.

¹ Hai que ter en conta que as persoas acollidas a un Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE) seguen formando parte do persoal da empresa.




2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas diminúe o emprego no sector servizos no mes de agosto con respecto ao mesmo mes do ano 2019. O maior descenso dáse en Illes Balears (-18,7%). A comunidade onde menos cae a ocupación é Murcia (-1,6%)

No que vai de ano, o maior descenso dáse en Illes Balears (-13,5%) mentres que Murcia é a comunidade con menor perda de emprego (-1,4%).

Índices de persoal ocupado. Agosto 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Agosto 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	113,3	-16,0	-15,5
Comercio	110,3	-19,6	-17,0
Venta e reparación de vehículos de motor	98,8	3,0	-20,3
Comercio por xunto	109,2	-27,1	-20,5
Comercio ao retalho	115,2	-1,6	-5,6
Outros servizos	122,0	-4,5	-10,5
Transporte	146,3	22,0	7,6
Hostalería	119,0	-32,3	-46,7
Información e comunicacións	98,4	0,5	1,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	101,8	3,1	-3,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	98,0	-36,3	-32,9
España			
Xeral	96,7	-15,3	-17,4
Comercio	100,2	-10,1	-14,1
Venta e reparación de vehículos de motor	99,4	-3,5	-25,0
Comercio por xunto	98,7	-13,4	-14,1
Comercio ao retalho	103,1	-5,8	-10,0
Outros servizos	90,2	-24,3	-23,5
Transporte	90,1	-22,5	-20,7
Hostalería	90,2	-41,3	-50,5
Información e comunicacións	92,7	-8,5	-9,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	94,7	-7,9	-13,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	80,6	-38,8	-30,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Agosto 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	117,8	-13,7	-17,7
Comercio	111,7	-13,7	-15,0
Transporte	150,0	14,1	2,4
Hostalería	121,9	-32,1	-46,7
Información e comunicacións	102,1	2,4	2,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	101,4	-1,2	-1,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,8	-14,7	-16,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Agosto 2020**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	96,7	-15,3	-17,4
Andalucía	98,8	-12,6	-14,9
Aragón	101,6	-7,9	-13,5
Asturias	111,1	-6,6	-13,6
Balears, Illes	93,0	-44,8	-39,2
Canarias	85,9	-30,2	-29,0
Cantabria	128,3	-7,7	-13,8
Castilla y León	102,0	-5,6	-12,8
Castilla-La Mancha	114,1	-4,0	-12,9
Cataluña	91,0	-15,9	-17,9
Comunitat Valenciana	101,2	-12,3	-13,7
Extremadura	121,6	-1,5	-6,4
GALICIA	113,3	-16,0	-15,5
Madrid	90,9	-17,7	-20,0
Murcia	110,3	-0,2	-3,4
Navarra	107,3	-8,4	-11,9
País Vasco	93,6	-10,0	-14,6
Rioja, La	111,7	-4,1	-12,0

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Agosto 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	105,5	-4,2	-3,5
Comercio	108,4	-1,4	-0,7
Venta e reparación de vehículos de motor	98,0	-2,3	-2,6
Comercio por xunto	120,7	0,0	0,3
Comercio ao retalho	103,5	-2,2	-1,0
Outros servizos	103,3	-6,3	-5,6
Transporte	101,5	-4,4	-4,5
Hostalería	97,2	-14,0	-11,8
Información e comunicacións	109,5	1,5	0,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,2	0,6	-0,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	106,6	-5,7	-4,8
España			
Xeral	103,9	-5,5	-3,9
Comercio	104,0	-2,7	-1,6
Venta e reparación de vehículos de motor	104,0	-3,7	-2,5
Comercio por xunto	106,1	-1,5	-0,9
Comercio ao retalho	102,7	-3,4	-2,0
Outros servizos	103,7	-7,2	-5,4
Transporte	105,7	-4,0	-2,9
Hostalería	97,3	-15,8	-11,5
Información e comunicacións	108,8	-0,9	0,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	105,7	-1,5	-1,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	106,2	-6,3	-5,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Agosto 2020**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	103,9	-5,5	-3,9
Andalucía	100,7	-6,2	-4,4
Aragón	107,2	-4,9	-3,3
Asturias	103,5	-2,7	-3,1
Balears, Illes	111,4	-18,7	-13,5
Canarias	100,3	-9,4	-5,9
Cantabria	107,2	-4,6	-4,6
Castilla y León	101,8	-4,8	-3,8
Castilla-La Mancha	104,3	-4,9	-3,1
Cataluña	105,9	-5,7	-4,0
Comunitat Valenciana	102,1	-5,3	-3,2
Extremadura	104,7	-4,2	-3,6
GALICIA	105,5	-4,2	-3,5
Madrid	103,9	-3,7	-3,0
Murcia	109,3	-1,6	-1,4
Navarra	103,1	-6,5	-4,6
País Vasco	101,5	-3,7	-3,0
Rioja, La	104,5	-4,2	-3,3

Fonte: INE